

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA – ASPANAEX PARA A REFORMA DUN EDIFICIO PARA USO RESIDENCIAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NA CIDADE DE VIGO.

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, Dona M^a Teresa Galisteo de la Fuente, con DNI 13731589Z, que actúa en nome e representación da Asociación en favor de Persoas con Discapacidade Intelectual da Provincia de Pontevedra (ASPANAEX), con CIF G-36605905, en virtude da súa condición de presidenta.

EXPOÑEN

Primeiro. Con data 11 de marzo de 2020 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, (actual Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo) e a Asociación en favor das persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra- Aspanaex asinaron un convenio de colaboración para a reforma dun edificio para uso residencial de persoas con discapacidade intelectual na cidade de Vigo.

Segundo. A Asociación Aspanaex interesa unha modificación do convenio para poder executar o orzamento previsto para o ano 2020.

Terceiro. Co fin de estudar a proposta da asociación, en data 11 de decembro de 2020 reuniuse a Comisión de seguimento prevista na cláusula sexta do convenio, integrada por dous representantes da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e dous representantes da asociación, e propuxo a formalización dunha addenda ao

convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, (actual Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo) e a Asociación en favor das persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra- Aspanaex para a reforma dun edificio para uso residencial de persoas con discapacidade intelectual na cidade de Vigo.

As partes reunidas ACORDAN:

- A modificación do primeiro parágrafo da cláusula segunda do convenio que quedaría redactado do seguinte xeito:

“Obrigas da Vicepresidencia primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo cooperará na execución do proxecto ao que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega do 30% do orzamento que se execute no ano 2020, sen que en ningún caso esta achega supere os CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, para a realización das actuacións que se desenvolverán no ano 2020, de conformidade coa desagregación que se reflicte no orzamento anexo. “

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento o 17 de decembro de 2020

O vicepresidente primeiro e conselleiro
de Presidencia, Xustiza e Turismo

A presidenta da entidade ASPANAEX

Alfonso Rueda Valenzuela

M^a Teresa Galisteo de la Fuente